



DECRETO

EXPEDIENTE: 2022/PLANEAM/000020 (FG NÚM. 707)

ASUNTO: conformación do documento inicial e inicio da tramitación de avaliación ambiental para o plan parcial do sector SUD-8 “O Carballo” (Nós)

Con data 27 de outubro de 2022, a coordinadora de servizos urbanísticos asinou informe-proposta do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

**1. OBXECTO DO INFORME**

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000020 (FG NÚM. 707)
DENOMINACIÓN	Plan parcial do sector SUD-8 “O Carballo” (Nós)
ENTIDADE PROMOTORA	Goldziegel, S.L. (B-70.565.734)
ENTIDADE REDACTORA	Fernández Carballada e asociados, S.L.P. (B-15.671.563). Arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira
OBXECTO DO INFORME	Análise do procedemento para a tramitación do plan parcial regulador do SUD-8 “O Carballo” (Nós)
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2022017845, de 30 de setembro

**2. NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#), aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas

**3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**a. Datos urbanísticos do ámbito e planeamento vixente**





De conformidade coas determinacións contidas no artigo 64 do PXOM, as determinacións urbanísticas aplicables como consecuencia das determinacións da normativa vixente serían as seguintes:

<b>SOLO URBANIZABLE DELIMITADO, SECTOR 8</b>		
<b>Clasificación urbanística do solo</b>	Solo urbanizable delimitado	
<b>Superficie</b>	36.206,00 m <sup>2</sup>	
<b>Densidade de referencia</b>	40 vivendas/ha	
<b>Edificabilidade bruta</b>	0,44 m <sup>2</sup> / m <sup>2</sup>	
<b>Edificabilidade m<sup>2</sup> de uso característico</b>	0,431 m <sup>2</sup> / m <sup>2</sup> <sub>u.c.</sub>	
<b>Aproveitamento tipo</b>	0,353 m <sup>2</sup> / m <sup>2</sup>	
<b>Alturas</b>	B+2 en colectiva, B+1 en unifamiliar	
<b>Sistemas xerais interiores</b>	-	
<b>Sistemas xerais adscritos</b>	ZV-5 parque metropolitano de Liáns (8.060,00 m <sup>2</sup> )	
<b>Datos de usos</b>	% Resid. Colectiva	24,25%
	% Resid. Aillada	68,08%
	% Resid. Aillada protección	1,92%
	% Resid. Colectiva protección	5,75%
<b>Observacións</b>	No seu desenvolvemento, a ordenación prestará especial atención á continuidade do sistema viario e tramas urbanas circundantes. As reservas para dotacións determinaranse de acordo co establecido no artigo 47 da LOUG (actual artigo 42 LSG). O Plan Parcial pormenorizará o trazada de redes e galerías de servizos, e a súa conexión ós colectores existentes con capacidade suficiente para absorber as distintas demandas.	

Ha de terse en conta, en relación coa vivenda sometida a algún réxime de protección pública, que o PXOM deséñase cunha capacidade de solo residencial suxeito ao réxime de protección oficial que no conxunto das diferentes clasificacións de solo de nova urbanización acadaba o 33,86%, cumprindo con amplitude o estándar establecido na Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo.

O Concello pleno en sesión de 9 de xullo de 2014, ao amparo da Lei de 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e da Resolución de 6 de marzo de 2014, pola que se fixaban as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida, adoptou acordo en relación a unha rebaixa da porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida prevista no PXOM de Oleiros, fixéndose no 10% e prevéndose a súa aplicación respectando a distribución porcentual do plan xeral a cada unha das áreas de reparto.

Posteriormente, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, por Resolución de 13 de febreiro de 2020, publicou as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2020 (publicadas no DOG núm. 36, de 21 de febreiro de 2020). A porcentaxe fixada para o Concello de Oleiros fixouse en 4,77%, sendo a porcentaxe media para o conxunto de Galicia de 6,40%. Así, tras as tramitacións oportunas, mediante acordo do Pleno de data 11 de marzo de 2020, apróbbase a aplicación da porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida do 6,40%, anexando unha táboa na que se establece a nova porcentaxe de reserva aplicable a cada sector.

Así, no caso do SUD-8 "O Carballo" (Nós) a variación das porcentaxes sería a seguinte:

<b>SUD-8</b>	<b>RESERVA DO PXOM (33,42%)</b>	<b>RESERVA PLENO 09/07/2014 (10%)</b>	<b>RESERVA PLENO 11/03/2020 (6,40%)</b>
%Comercial Terciario dotacional privado	0,00%	0,00%	0,00%





% Resid. Colectiva	0,00%	21,02%	24,25%
% Resid. Aislada	60,00%	67,01%	68,08%
%Resid. Aislada Protección	10,00%	2,99%	1,92%
% Resid. Colectiva protección	30,00%	8,98%	5,75%
TOTAL	100%	100%	100%
m <sup>2</sup> RP( residencial de protección)	6372,26 m <sup>2</sup>	1906,87 m <sup>2</sup>	1220,40 m <sup>2</sup>

### **b. Normativa sobre a avaliación ambiental estratéxica**

#### **i. Necesidade de avaliación ambiental estratéxica e tipo de avaliación proposta**

Como se indicou previamente, o [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#) foi aprobado definitivamente por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.

A normativa de referencia en materia de avaliación ambiental estratéxica é a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Establece no seu artigo 6 dous tipos de avaliación estratéxica, a ordinaria e a simplificada:

- Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando cumpran un dos seguintes requisitos:
  - o Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e refíranse á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do chan (art. 6.1.a) Lei 21/2013, de 9 de decembro).
  - o Requiran unha avaliación por afectar a espazos Rede Natura 2000 nos termos previstos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (art. 6.1.b) Lei 21/2013, de 9 de decembro).
  - o Os que se sinalan como sometidos a avaliación simplificada, cando así o decida caso por caso o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico de acordo con os criterios do anexo V da Lei 21/2013, de 9 de decembro (art. 6.1.c) Lei 21/2013, de 9 de decembro).
  - o Os plans e programas sometidos en principio a avaliación ambiental simplificada, cando así o determine o órgano ambiental, a solicitude do promotor (art. 6.1.d) Lei 21/2013, de 9 de decembro).
- Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica simplificada:
  - o As modificacións menores dos plans e programas sometidos a avaliación estratéxica ordinaria (art. 6.2.a) Lei 21/2013, de 9 de decembro).
  - o Os plans e programas sometidos a avaliación estratéxica ordinaria que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (art. 6.2.b) Lei 21/2013, de 9 de decembro).





- o *Os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos para ser sometidos a avaliación estratéxica ordinaria (art. 6.1.c) Lei 21/2013, de 9 de decembro).*

*Esta regulación vese reforzada e concretada co disposto no artigo 46 LSG e co 81 RSG, que establecen que, en relación co planeamento, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico, así como as súas modificacións:*

- a) *O Plan básico autonómico*
- b) *Os plans xerais de ordenación municipal*
- c) *Os plans que requiran unha avaliación por afectar de modo apreciable a espazos da Rede Natura 2000, nos termos previstos na súa lexislación reguladora*
- d) *Os sometidos a avaliación ambiental estratéxica simplificada, cando así o decida o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico ou cando así o solicite o promotor*

*Serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico:*

- a) *As modificacións menores dos instrumentos de planeamento sometidos a avaliación ordinaria*
- b) *O planeamento de desenvolvemento, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión*
- c) *Os demais plans que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non encaixen nos supostos do apartado anterior, tales como os plans básicos municipais*

*O proxecto presentado considera que o plan parcial do SUD-8 deberá someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, por tratarse dun plan sometido a avaliación estratéxica ordinaria que establezan o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (art. 6.2.b) Lei 21/2013, de 9 de decembro). Trátase, ademais, dun instrumento de desenvolvemento do planeamento, polo que consonte ao artigo 46.2.b) LSG tamén lle correspondería, en principio, este tipo de tramitación.*

#### *ii. Tramitación da avaliación ambiental estratéxica simplificada*

*A regulación da tramitación da avaliación ambiental estratéxica simplificada recóllese nos artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Establécense os seguintes trámites para a súa obtención:*

1. *Dentro do procedemento de aprobación do plan, o promotor presentará ante o Concello, xunto coa documentación esixida pola lexislación sectorial, unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do borrador do plan ou programa e dun documento ambiental estratéxico que conterá, polo menos, a información sinalada no artigo 29 da Lei 21/2013 de 9 de decembro.*
2. *O Concello deberá de comprobar a inclusión dos documentos, requirindo no caso de non constar estes ao promotor para que no prazo de 10 días emende a súa solicitude, seguindo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*
3. *Unha vez feita a comprobación, o Concello remitirá ao órgano ambiental (Dirección xeral de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático, da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda da Xunta de Galicia) a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar. Este poderá inadmitir en 20 días hábiles dende a recepción da solicitude o inicio da avaliación ambiental estratéxica, previa audiencia ao promotor e informando ao Concello, por estimarse de xeito inequívoco a inviabilidade do plan ou por non reunir as condición de calidade suficientes.*





4. O órgano ambiental realizará as consultas pertinentes, tanto ás administracións públicas como ás persoas interesadas, poñendo á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan. Estas deberán pronunciarse no prazo máximo de 20 días hábiles dende a recepción da solicitude de informe; transcorrido o prazo sen que exista pronunciamento, o procedemento continuará se se o órgano ambiental conta con elementos de xuízo suficientes para formular o informe ambiental estratéxico. Neste caso, non se terán en conta os pronunciamentos antes referidos que se reciban posteriormente.

Se o órgano ambiental non tivese os elementos de xuízo suficientes, ben porque non se recibiron os informes das Administracións públicas afectadas que resulten relevantes, ou ben porque recibíndose estes resultasen insuficientes para decidir, requirirá persoalmente ao titular do órgano xerárquicamente superior daquel que tería que emitir o informe, para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción do requirimento, ordene ao órgano competente a entrega do correspondente informe no prazo de dez días hábiles, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer o responsable da demora. O requirimento efectuado comunicárase ao órgano substantivo e ao promotor e suspende o prazo.

En todo caso, o promotor poderá reclamar á Administración competente a emisión do informe, a través do procedemento previsto no artigo 29.1 da Lei 29/1998, de 13 xullo da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

5. O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo de tres meses contados desde a recepción da solicitude de inicio e dos documentos que a deben acompañar. Haberá de ter en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios establecidos no anexo V da Lei 21/2013, de 9 de decembro. Este informe ambiental estratéxico pode ter como conclusión unha das seguintes opcións:

- a. O plan ou programa debe someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria porque poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente. Neste caso o órgano ambiental elaborará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas de acordo co establecido no artigo 30, e non será preciso realizar as consultas reguladas no artigo 19, ámbolos dous artigos da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

Esta decisión notificarase ao promotor xunto co documento de alcance e o resultado das consultas realizadas para que elabore o estudo ambiental estratéxico e continúe coa tramitación prevista nos artigos 21 e seguintes da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

- b. O plan ou programa non ten efectos significativos sobre o medio ambiente, nos termos establecidos no informe ambiental estratéxico.

6. O informe de impacto ambiental publicarase no «Boletín Oficial do Estado» ou diario oficial correspondente, no prazo dos dez días hábiles seguintes a partir da súa formulación, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica do órgano ambiental.

En canto á vixencia do informe ambiental estratéxico, amparará a aprobación do plan no prazo de 4 dende a publicación no diario oficial correspondente. Se non se produce a aprobación neste prazo, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan ou programa.

O informe ambiental estratéxico non será obxecto de recurso algún sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía xudicial fronte á disposición de carácter xeral que aprobese o plan ou programa, ou ben, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa fronte ao acto de aprobación do plan ou programa.





Regúlase tamén no artigo 32 da Lei 21/2013, de 9 de decembro a publicidade da adopción ou aprobación do plan, indicando que no prazo de dez días hábiles desde a súa aprobación, o Concello remitirá para a súa publicación no «Boletín Oficial do Estado» ou diario oficial correspondente a resolución pola que se adopta ou aproba o plan, e unha referencia á dirección electrónica na que o Concello poñerá ao dispor do público o contido íntegro do devandito plan, e unha referencia ao “Boletín Oficial do Estado” ou diario oficial correspondente no que se publicou o informe ambiental estratéxico.

### **c. Informe do arquitecto municipal**

Transcríbese a continuación o informe do arquitecto municipal asinado con data 20 de outubro de 2022:

“O Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado por Orde de 11.12.2014 da C.M.A.T.I., DOG Nº16 de 26.01.2015 e BOP Nº29 de 12.02.2015, delimitou o sector de solo urbanizable SUD-8 de “O Carballo”, Nos, para o cal , GOLDZIEGEL, S.L. con CIF número B-70565734, presenta o documento ambiental estratéxico para iniciar a Avaliación Ambiental Estratéxica Simplificada do Plan Parcial do SUD-8 de “O Carballo”, Nos, así como documento de borrador do Plan Parcial do sector.

#### **CLASIFICACIÓN/CUALIFICACIÓN DO SOLO SEGUNDO O PLAN XERAL VIXENTE.**

O sector está clasificado como Solo Urbanizable Delimitado sector SUD-8 “O Carballo”, Nos.

O Plan Xeral no artigo 15 da Normativa determina como sistema de actuación o de compensación.

#### **CONDICIÓN XERAIS PARA OS DESENVOLVEMENTOS. (Artigo 56 Normativa)**

O Plan Xeral no seu artigo 56 da Normativa establece as condicións xerais para os desenvolvementos que son as que seguen:

“As reservas dotacionais e os trazados e características das redes de comunicación e de servizos determinaranse de acordo co establecido nos arts. 63 a 65 LOUG, así como cos estándares de calidade de vida e cohesión social establecidos no art. 47 LOUG.

O esquema viario proposto en planos de ordenación constitúe a estrutura básica de cada un dos sectores e garante a coherencia final das distintas actuacións. O seu trazado pode ser obxecto de reconsideración polos respectivos plans parciais garantindo sempre a integración no resto do tecido e o respecto ás conexións co solo urbano e co resto do solo urbanizable.

De igual xeito entenderanse como indicativos as reservas de dotacións de sistema local previstos en planos de ordenación, podéndose reaxustar nos correspondentes plans parciais.

Para os efectos da súa xestión urbanística cada sector de solo urbanizable delimitado constituirá unha área de reparto independente.

O desenvolvemento de cada sector de solo urbanizable deberá garantir tanto o abastecemento de auga potable como a depuración de augas residuais, así como a inexistencia de riscos de inundación, mediante informe favorable de Augas de Galicia ou organismo competente, como condición previa á aprobación dos correspondentes documentos de ordenación.

Tanto as obras de urbanización necesarias para que as parcelas reúnan os requisitos de solar, como os volumes de edificación que neles se realicen evitarán producir un impacto ambiental e paisaxístico negativos. Para tal efecto, os planeamentos que desenvolvan cada un dos sectores estarán ó disposto no Estudo de Sostibilidade do Plan Xeral en canto ás medida da integración paisaxística e ambiental.

O planeamento de desenvolvemento de cada sector de solo urbanizable conterà sendos Estudos para a prevención das contaminacións acústica e electromagnética no seu ámbito, na medida en que sexa de aplicación.”

#### **DETERMINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO:**

As determinacións concretas para o desenvolvemento deste sector son as recollidas no artigo 64 da Normativa.

Con data 11 de marzo de 2020 o Concello Pleno acordou, por segunda vez, adaptalo Plan Xeral á Lei 8/2012 de Vivenda de Galicia en canto ás porcentaxes de vivenda sometida a algún réxime de Protección, rebaixando a reserva media do Concello (PRTC) ó 6,40%.

Con dito acordo a porcentaxe de reserva de vivenda de protección quedou fixado nun 7,67% da edificabilidade total do ámbito repartida nun 1,92% de vivenda allada protexida e un 5,75% vivenda





colectiva protexida. Ademais desta porcentaxe deberá reservarse 686,47 m<sup>2</sup> de vivenda colectiva libre con prezo taxado polo Concello.

Con dito axuste as determinacións a data de hoxe son as seguintes:

**Art. 64. Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-8. O Carballo.**

"Para o desenvolvemento do Plan Parcial correspondente establécense as seguintes determinacións:

1. Ordenarase mediante un único Plan Parcial cunha edificabilidade de 0,44 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> e unha densidade de referencia de 40 viv/Ha.

2. No seu desenvolvemento a ordenación prestará especial atención á continuidade do sistema viario e tramas urbanas circundantes.

Coa edificabilidade permitida, un máximo do 30% poderá destinarse a vivenda colectiva, correspondendo o resto da edificabilidade ós usos de vivenda unifamiliar.

3. A edificación non superará a altura máxima de baixo e dúas plantas para a vivenda colectiva, nin a de baixo e unha planta para a vivenda unifamiliar.

4. As reservas para dotacións determinaranse de acordo co establecido no artigo 47 da LOUG. O Plan Parcial pormenorizará o trazado de redes e galerías de servizos, e a súa conexión ós colectores existentes con capacidade suficiente para absorber-las novas demandas.

5. O sistema xeral exterior imputado ó sector é:

- Parque Metropolitano de Liáns (ZV-5): 8.060 m<sup>2</sup>.

**INFORME:**

Tratándose dun Plan de iniciativa particular, en aplicación do artigo 66.b da LSG e 159.1.b do seu Regulamento, débese acreditar a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50 % da superficie do ámbito de planeamento.

Achégase como Anexo II a acreditación da propiedade dos propietarios interesados que presentan as escrituras de compra das parcelas das que son titulares. Neste documento constan nome e apelidos, ou razón social, e domicilio das persoas propietarias afectadas, e os datos de titularidade catastral e os reflectidos no Rexistro da Propiedade, relacionados cos predios incluídos no ámbito da ordenación que representen máis do 50 % exixido. Os títulos de propiedade aportados pola entidade promotora acadan aproximadamente un 84% da superficie do ámbito de planeamento.

Por outra banda, conforme determina o artigo 68.g da LSG e 160 e 162 do seu Regulamento:

"os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan parcial "

En aplicación da Disposición Final Terceira do Plan Xeral e do artigo 46.2.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o planeamento de desenvolvemento debe someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada.

O promotor do ámbito solicita a tramitación da avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Tramitándose a Avaliación ambiental estratéxica simplificada, a solicitude de inicio deberá incluír cando menos o borrador do Plan e a información recollida no artigo 29.1 da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

Achégase así Documento Ambiental Estratéxico coa finalidade de comunicar ao órgano ambiental (Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas) a iniciación da tramitación do instrumento de ordenación.

**DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO , CONTIDO EXIXIBLE:**

O Documento Ambiental Estratéxico deberá incluír cando menos os aspectos recollidos no artigo 29 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, que son:

- a) Os obxectivos da planificación.
- b) O alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.
- c) O desenvolvemento previsible do plan ou programa.
- d) Unha caracterización da situación do medio ambiente antes do desenvolvemento do plan ou programa no ámbito territorial afectado.
- e) Aproximación aos efectos ambientais previsibles.
- f) Os efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación sectorial implicada, sobre a planificación territorial e sobre as normas aplicables.
- g) A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
- h) Un resumo dos motivos da selección das alternativas contempladas.
- i) As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio ambiente da aplicación do plan ou programa, tomando en consideración o cambio climático.





j) Unha descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan.

**SUFICIENCIA DA DOCUMENTACION PRESENTADA:**

En relación con cada un dos anteriores apartados compróbase o seguinte:

a) Os obxectivos da planificación.

Os obxectivos da planificación recóllense no apartado 2 do documento.

b) O alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.

O alcance e o contido do plan recóllese no apartado 3 do documento.

c) O desenvolvemento previsible do plan ou programa.

Analízase o desenvolvemento do procedemento no punto 6 da Memoria .

d) Unha caracterización da situación do medio ambiente antes do desenvolvemento do plan ou programa no ámbito territorial afectado.

Inclúese no apartado 4 do documento.

e) Aproximación aos efectos ambientais previsibles.

Inclúese no apartado 7 do Documento.

f) Os efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación sectorial implicada, sobre a planificación territorial e sobre as normas aplicables.

Inclúese no apartado 7 do Documento.

Analízase en relación coas Directrices de Ordenación do Territorio, Lei e Catálogos da Paisaxe e Planeamento Xeral, no apartado 8.

g) A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Inclúese no apartado 1.3 do Documento a motivación do procedemento simplificado.

h) Un resumo dos motivos da selección das alternativas contempladas.

Inclúese no apartado 5 do Documento.

i) As medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no medio ambiente da aplicación do plan ou programa, tomando en consideración o cambio climático.

Inclúese no apartado 9 do Documento as medidas propostas para cada un dos posibles efectos negativos que se prevén.

j) Unha descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan.

Inclúese no apartado 10.

Considérase polo tanto que o Documento Ambiental Estratéxico inclúe os aspectos recollidos no artigo 29 da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

**BORRADOR DO PLAN.**

O borrador preséntase como documento anexo que consta de:

- Memoria Informativa.
- Memoria Xustificativa.
- Anexo I: Ficha resumo.
- Planos de información.
- Planos de Ordenación.
- Documentación do Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

A proposta de ordenación ten o nivel de detalle dun borrador do plan para dar unha idea xeral da ordenación proposta.

En xeral, o borrador do Plan Especial desenvolve o documento cos parámetros xerais, usos, edificabilidades, reservas de equipamentos e zonas libres suxeridas polo Plan Xeral.

Preséntase a documentación en soporte papel e en soporte dixital en formato pdf e editables con formato acorde co requirido polas Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia.

**CONCLUSIÓN:**







1.- O documento desenvolve os apartados esixidos pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental e inclúe a información suficiente como documento inicial estratéxico para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada.

2.- *Antes de iniciar a tramitación do Plan Parcial (artigos 160 e 162 do D143/2006), "os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan parcial "*

O ARQUITECTO MUNICIPAL"

#### **d. Informes dos servizos municipais e empresas subministradoras**

De conformidade co establecido no artigo 160.3 e 162.g) RSG, a Administración urbanística competente responderá as consultas dos interesados sobre as obras que haberán de realizarse con cargo aos promotores para asegurar a conexión cos sistemas xerais exteriores á actuación.

Para ese efecto, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan. Transcorrido o prazo para a súa emisión, poderá continuarse co procedemento.

Trátase de garantir que o plan conta coas medidas necesarias e suficientes para garantir a adecuada conexión do sector cos sistemas xerais exteriores existentes e, no seu caso, que se realice a ampliación ou reforzo dos devanditos sistemas e dos equipamentos e servizos urbanos que vaian ser utilizados pola poboación futura. Igualmente, haberá de resolver as ligazóns coas estradas ou vías actuais e coas redes de servizos de abastecemento de auga e saneamento, subministración de enerxía eléctrica, telecomunicacións, gas e outros (artigo 68.g) da LSG).

Será necesario, entón, solicitar informe sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación do plan ás seguintes entidades:

- AquaOleiros, S.A.
- Responsable de infraestruturas do Concello de Oleiros, don Ramón Martín Palma.
- R cable y Telecable comunicaciones, S.A.U.
- Telefónica, S.A.
- UFD Distribución Electricidad S.A.
- Nedgia, S.A.

#### **e. Competencia para a conformación e remisión do documento para inicio do proceso de avaliación ambiental**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, regula as competencias dos órganos municipais en orde á aprobación dos documentos de planeamento e xestión urbanística. Así, o artigo 22.1.c) establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera destes instrumentos, será competencia do Pleno do Concello.

O trámite de conformación e remisión do documento para o inicio do proceso de avaliación ambiental non forma parte da aprobación do documento, senón que forma parte do trámite de elaboración de Planeamento municipal, polo que de conformidade co artigo 21.1.s) LRBR, corresponde ao Alcalde conformar o documento de inicio e iniciar a tramitación ambiental do documento. (...)"





En vista do anteriormente indicado, tendo en conta as competencias conferidas polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Dar conformidade ao documento para a avaliación ambiental estratéxica simplificada do seguinte plan:

<b>DENOMINACIÓN</b>	Plan parcial do sector SUD-8 "O Carballo" (Nós)
<b>ENTIDADE PROMOTORA</b>	Goldziegel, S.L. (B-70.565.734)
<b>ENTIDADE REDACTORA</b>	Fernández Carballada e asociados, S.L.P. (B-15.671.563). Arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira
<b>DATA E NRE ENTRDA</b>	NRE 2022017845, de 30 de setembro

**SEGUNDO.-** Comunicar ao órgano ambiental a iniciación do proceso de avaliación ambiental estratéxica simplificada para o documento ambiental estratéxico e borrador do seguinte plan, para a súa tramitación:

<b>DENOMINACIÓN</b>	Plan parcial do sector SUD-8 "O Carballo" (Nós)
<b>ENTIDADE PROMOTORA</b>	Goldziegel, S.L. (B-70.565.734)
<b>ENTIDADE REDACTORA</b>	Fernández Carballada e asociados, S.L.P. (B-15.671.563). Arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira
<b>DATA E NRE ENTRDA</b>	NRE 2022017845, de 30 de setembro

**TERCEIRO.-** solicitar ao órgano ambiental a emisión do informe ambiental estratéxico de conformidade co disposto no artigo 31.2.b) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, declarando que non ten efectos significativos sobre o medio ambiente.

**CUARTO.-** dilixenciar os documentos presentados co NRE sinalado no apartado PRIMEIRO desta resolución como documentos aos que se prestou a conformidade por parte da alcaldía para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.

**QUINTO.-** notificar ao equipo redactor e ao promotor do proxecto.

**SEXTO.-** solicitar informe sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, que ha de ser emitido no prazo dun mes, ás seguintes entidades:

- AquaOleiros, S.A.
- Responsable de infraestruturas do Concello de Oleiros, don Ramón Martín Palma.
- R cable y Telecable comunicaciones, S.A.U.
- Telefónica, S.A.
- UFD Distribución Electricidad S.A.
- Nedgia, S.A.

**SÉTIMO.-** solicitar á Dirección Xeral de Aviación Civil o informe previo en relación ás servidumes aeronáuticas remitindo borrador do Plan sinalado no apartado PRIMEIRO desta resolución.

**En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o/a Secretario/a accidental (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).**

